

COMITE COORDINADOR DE CENTROS DE MEDICINA HIPERBARICA

O **Comité Coordinador de Centros de Medicina Hiperbárica (CCCMH)** creouse en Barcelona o día 4 de xuño de 1988, como asociación civil que establece un vínculo de relación e coordinación entre os Centros que utilicen Cámaras Hiperbáricas Mono e Multipraza con finalidade médico asistencial, docente ou investigadora. Está inscrito no Servicio de Asociaciones do Ministerio do Interior co Número Nacional 89.786. Un membro do CCCMH é delegado médico de España no *European Diving Technology Committee* (EDTC). O CCCMH representa en España o *European Committee for Hyperbaric Medicine* (ECHM). O CCCMH mantén relacións regulares coa *Undersea & Hyperbaric Medical Society* (UHMS), coa *European Underwater and Baromedical Society* (EUBS) e con *Divers Alert Network Europe*(DAN-Europe).

Segundo consta nos seus Estatutos, os obxetivos do CCCMH son os seguintes:

- Revisión de indicacións terapéuticas.
- Unificación de pautas de tratamento.
- Organización de protocolos de estudio e investigación.
- Comunicación periódica de resultados globais.
- Deseño de métodos de control de calidade asistencial.
- Establecemento de sistemas de control de calidade tecnolóxica así como de medidas de seguridade das instalacións hiperbáricas.
- Confección de programas de docencia.
- Todo tipo de asuntos que afectan ó correcto funcionamento dos Centros de Medicina Hiperbárica nos seus aspectos médico, tecnolóxico e administrativo.

Como complemento dos obxetivos anteriores, o CCCMH persegue asimesmo:

- Adopta-los requisitos mínimos asistenciais e tecnolóxicos de obrigado cumprimento para os integrantes do comité e polo tanto de carácter vinculante.
- Asesorar en materia de medicina e tecnoloxía hiperbárica civís ás entidades públicas ou privadas que puedan precisalo.
- Colaborar coa Administración en aspectos relacionados coa Medicina e Tecnoloxía Hiperbáricas.

A afiliación ó CCCMH está restrinxida ós Xefes de Servicio, Directores, Responsables ou os seus representantes designados a tal fin, dos Centros de Medicina Hiperbárica, operativos e en funcionamento, de todo o Estado Español, e en número máximo dun representante por centro.

[Voltar a páxina principal](#)